

O Museo de Pontevedra acollerá os próximos 20 e 21 de xullo a novena edición das Xornadas de Exiptoloxía. As conferencias serán impartidas polos directores da investigación sobre a necrópole do visir Amen-Hotep Huy, o exiptólogo Francisco Martín-Valentín e a exiptóloga Teresa Bedman.

Nos últimos vinte e cinco anos produciuse un enorme incremento dos datos dispoñibles sobre o reinado de Amen-Hotep III e o nacemento do movemento atoniano. Como unha parte esencial dos traballos sobre o mencionado período figuran os descubrimentos levados a cabo polos autores nas escavacións realizadas na tumba do visir Amen-Hotep Huy (Asasif núm. -28-), o que lles permitiu propoñer unha visión histórica nova dos acontecementos que marcaron o final da dinastía XVIII, a partir da obrigada reconsideración cronolóxica deste momento debido á coexistencia política de pai e fillo durante un lapso estimado de 11-12 anos.

No libro ao respecto ofrécese un estudo do reinado de Amen-Hotep III, o noveno faraón da dinastía XVIII, considerado no seu adecuado contexto histórico e realizado baixo a óptica da chamada “correxencia longa” entre el e o seu fillo Amen-Hotep IV/Aj-en-Aton.

A primeira conferencia, en conmemoración dos 100 anos do descubrimento de Tut-Anj-Amon, será impartida por Teresa Bedman, mentres que o director do proxecto, Francisco Martín-Valentín, falará dos novos descubrimentos levados a cabo nas escavacións da necrópole.

PROGRAMA

Mércores 20 de xullo

Tarde

18:30 h Acreditación e acto de inauguración

19:00 h “...Cousas maravillosas: Tut-Anj-Amon: historia dun descubrimento”

Teresa Bedman

Exiptóloga do Instituto de Estudos do Antigo Exipto e codirectora da Misión Arqueolóxica Española Proxecto Visir Amen-Hotep Huy.

Xoves 21 de xullo

Tarde

19:00 h “Amen-Hotep III, o Aton resplandecente”

Francisco Martín-Valentín

Exiptólogo do Instituto de Estudos do Antigo Exipto e director da Misión Arqueolóxica Española Proxecto Visir Amen-Hotep Huy



**Pontevedra,
20 e 21 de xullo de 2022**

**Museo de Pontevedra
Edificio Castelao**

IX XORNADAS DE

EXIPTOLOXÍA